

*Dun barco de pesca  
que onte atracou en Vigo  
descargaron cen xoubas  
co rabo comido.*

*Nin foi o capitán,  
nin ningún dos mariñeiros,  
que foi un trasno lambón  
que de fame viña cheo.*

*Un cento de recados  
no Nadal tiña que facer:  
co traballo que lle esperaba  
algo tiña que comer.*

*Quen lle mandou facer os recados  
non era un tipo descoidado;  
todos quixeran coñecelo,  
mais sempre está agochado.*



**UN TRASNO  
NO BARRIO**

**¿?**

*Quen é, quen será,  
ninguén o sabe certo,  
pero cando vén ás nosas casas,  
deixa agasallos a oito.*

*O seu nome terá que adiviñar  
quen gozar da súa visita queira:  
o atrevido que o vaia conseguir  
terá que facer da seguinte maneira:*

*Este trasno trasnón,  
falabarato de nación,  
en cada sitio que parou  
algún segredo lle escapou.*

*Seguide os seus pasos  
e poñede ben atención.  
Se resolveses as súas pistas  
daredes coa solución.*

Se tes entre 6 e 12 anos e paseas polo barrio do Calvario poderás dar coa solución fixándote nos escaparates dos establecementos comerciais que luzan unha foto dun trasno. Os intrépidos/as que vos aventuredes a resolver este magno enigma deberedes recoller a papeleta co mapa do percorrido na sede da Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario, nos establecementos colaboradores ou descargala na web [www.aceca-vigo.com](http://www.aceca-vigo.com). Teredes que visitar cada establecemento marcado no percorrido seguindo os pasos do trasno e apuntando nas casiñas correspondentes da papeleta as respostas aos enigmas que cada local comercial lucirá no escaparate. Se conseguídes resolver todos os enigmas daredes coa solución! Cando teñades a papeleta cuberta deberedes depositala **entre o 1 e o 18 de decembro** na furna instalada na sede da Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario (**Rúa San Roque, 109 interior local 14 | Horario: de luns a xoves de 10h a 13:30h e de 17h a 19:30h, e venres de 10h a 13:30h**).

Só será válida unha papeleta por participante.

Entre os aventureiros/as que cubrades todas as casiñas da papeleta e deades coa solución sortearase unha magnífica **TABLET!** O sorteo terá lugar na sede da Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario o **21 de decembro ás 18h**. Antes do sorteo realizaremos unha **xincana polo barrio en familia que partirá ás 17h da sede da asociación**.

**PON OS TEUS DATOS NESTE ESPAZO**

NOME E APELLIDOS: \_\_\_\_\_  
IDADE: \_\_\_\_\_ COLEXIO: \_\_\_\_\_  
TELEFONO: \_\_\_\_\_

[En cumprimento do previsto na L.O. 15/99 de Protección de Datos de Carácter Persoal e no RD 1720/07, Regulamento de Desenvolvemento, informámoslle que os datos recollidos por Antaxurada S.L. coa finalidade de levar a cabo a xestión da actividade que organiza o Concello de Vigo se atopa debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos. Os datos serán cedidos a Antaxurada S.L.U. con finalidade informativa e serán destruídos unha vez finalice a actividade.]

# ESTABLECIMIENTOS COLABORADORES

<p><b>1</b></p> <p><b>VIG OPTICA</b></p> <p>Urzáiz, 110</p>	<p><b>2</b></p> <p><b>MERCERIA SALDAÑA</b></p> <p>Extremadura, 9</p>	<p><b>3</b></p> <p><b>Schoolhouse</b></p> <p>idiomas y estancias en el extranjero</p> <p>Pizarro, 101</p>
<p><b>4</b></p> <p><b>VERDEMENTA</b></p> <p>HERBOLARIO • PARAFARMACIA</p> <p>Cataluña, 7</p>	<p><b>5</b></p> <p><i>Pelajería - Joyería</i></p> <p><i>González</i></p> <p>Urzáiz, 191</p>	<p><b>6</b></p> <p><b>SAGITARJO</b></p> <p>ADMÓN. DE LOTERÍAS Nº10</p> <p>Urzáiz, 191</p>
<p><b>7</b></p> <p><i>Za...a...o</i></p> <p>Urzáiz, 103</p>	<p><b>8</b></p> <p><b>servipel</b></p> <p>Urzáiz, 139</p>	<p><b>9</b></p> <p><b>axen</b></p> <p>modanima</p> <p>Cataluña, 12</p>
<p><b>10</b></p> <p><b>Hama beads</b></p> <p>vigo store .com</p> <p>Jenaro de la Fuente, 18</p>	<p><b>11</b></p> <p><b>VICUS</b></p> <p>CENTRO DEPORTIVO</p> <p>Martínez Garrido, 51</p>	<p><b>12</b></p> <p><b>la ferretería</b></p> <p>Monforte de Lemos, 10</p>
<p><b>13</b></p> <p><b>hermida</b></p> <p>DEPORTES</p> <p>Urzáiz, 191</p>	<p><b>14</b></p> <p>ZAPATILLERÍA</p> <p><b>Compostela</b></p> <p>León, 20</p>	<p><b>15</b></p> <p><b>mis PERSONAJES</b></p> <p>Urzáiz, 121</p>

# RESPOSTAS

<b>1</b>							E		
			<b>2</b>	N					
			<b>3</b>	P					I
	<b>4</b>	F							
		<b>5</b>					X		
			<b>6</b>	B					
			<b>7</b>		P				
					<b>8</b>			L	
<b>9</b>			X					D	
	<b>10</b>							L	
									Z
		<b>13</b>			R				
<b>16</b>	B								
	<b>14</b>					D			
							<b>15</b>	T	



MAPA DO CALVARIO



UN TRASNO NO BARRIO

Actividade de dinamización lingüística polos comercios dos barrios do Concello de Vigo



CONCELLERÍA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONCELLO DE VIGO

